



O SERGAS CONTINÚA AVANZANDO NA MELLORA DE ATENCIÓN PRIMARIA DA ÁREA SANITARIA DE VIGO

- *A pesar da pandemia desenvolvéronse a maior parte das medidas comprometidas no Plan Galego de Atención Primaria 2019-2021 para reformar este nivel asistencial*
- *No pasado quinquenio creáronse 76 novas prazas -59 nos últimos 2 anos no marco do Plan- o que supón o maior incremento do cadro de persoal das últimas décadas*
- *A media de pacientes por médico xeral é de 1.330, mellorando a ratio das 1500 TIS recomendadas como obxectivo polo Ministerio de Sanidad para 2022*
- *Construíronse os novos centros de saúde de Oia, Panxón, Tui, Taboada leal, Gondomar, Salceda de Caselas e Bouzas; e está a piques de licitarse o CIS Olimpia Valencia*
- *Antes de finalizar o ano vanse presentar as liñas principais dos primeiros plans locais de saúde, que en Vigo xa se están a desenvolver nos centros de saúde de Lavadores e de Sárdoma/Bembrive*

Vigo, 1 de outubro de 2021. O Servizo Galego de Saúde continúa avanzando no desenvolvemento de medidas para mellorar a atención primaria na Área Sanitaria de Vigo. O compromiso da Xunta de Galicia con este nivel asistencial é incuestionable, e a día de hoxe, a administración sanitaria ten abertas as vías de diálogo con todos os colectivos implicados, a través das canles e órganos legalmente establecidos, para mellorar a situación da Atención Primaria galega.

A Área de Vigo dispón este ano 2021 do orzamento máis alto da súa historia, acadando a cifra récord de case 848 millóns de euros. Deste total, o 29% vai dirixido directamente á atención primaria (244 millóns).

A situación da primaria durante os meses de verán –cun Paro 0 de profesionais para realizar substitucións- coincidiu coa quinta onda da pandemia da Covid19. Por isto, desde a Consellería de Sanidade, nesas semanas implementáronse varias medidas para reducir a carga asistencial nos centros de saúde derivada da situación de pandemia, como a descentralización de certos trámites administrativos: a expedición dos certificados de vacinación, o rexistro dos resultados dos autotest, ou a solicitude da Chave365. Así, formalizáronse acordos coas farmacias para que realizaran algúns destes trámites; puxéronse en marcha novos puntos de atención administrativa en distintas vilas; e incrementáronse as prestacións da liña 900 400 116.

76 prazas de nova creación

Nos últimos tempos, e a pesar da pandemia da COVID19 -que obrigou a reorientar esta atención sanitaria para conter a expansión do virus garantindo a seguridade do persoal e da cidadanía- na área viguesa acadouse un alto grao de cumprimento das accións consensuadas no Plan Galego de Atención Primaria 2019-21 para reformar este nivel





asistencial. O obxecto era mellorar a atención dos pacientes e as condicións laborais dos profesionais.

En materia de recursos humanos, cumpriuse o compromiso de incrementar os profesionais na área de Vigo e de dotar ao cadro de persoal de maior estabilidade. Así, no último quinquenio creáronse 76 novas prazas (59 nos últimos 2 anos no marco do Plan). Destas, 18 corresponden a prazas de Médicos especialistas en medicina familiar e comunitaria e 24 prazas de nova creación para enfermeiras. Esta dotación supón o maior incremento do cadro de persoal da atención primaria nas últimas décadas.

En paralelo, en relación co persoal substituto, tense incorporado o novo nomeamento eventual de continuidade acordado polo Sergas con diversas organizacións sindicais para mellorar as condicións destes profesionais. O contrato garante un mínimo dun ano de vinculación estable (prorrogable ata tres anos) e equipara os dereitos deste persoal a nivel de descansos, permisos e complementos co persoal propietario ao que substitúen.

1.900 profesionais

Deste xeito, a media diaria de profesionais nos centros de Atención Primaria, dende o ano 2015 á data de hoxe incrementouse un 12%; desta porcentaxe, o 21,6% corresponde a persoal sanitario. En concreto, acadouse un incremento superior ao centenar de profesionais de enfermaría no conxunto dos centros de saúde, sendo moi significativo o aumento das especialistas en enfermaría familiar e comunitaria, que rexistra un incremento neto do 27% nestes anos.

En conclusión, nestes momentos, na Atención Primaria da área viguesa traballan 1.919 profesionais (201 máis que no ano 2015), dos que 671 son persoal facultativo.

A media de pacientes por médico xeral é de 1.330, mellorando a ratio das 1.500 TIS recomendadas como obxectivo polo Ministerio de Sanidad para 2022.

Hai que destacar tamén o esforzo realizado na Área Sanitaria de Vigo no ámbito da formación de novos profesionais especialistas (persoal residente en formación), que incrementouse nun 27% nos últimos 5 anos, acadándose neste ano 2021 superar o centenar de profesionais en formación especializada en medicina e enfermería familiar e comunitaria.

Novas infraestruturas

No referido ás novas infraestruturas, cabe subliñar que no pasado quinquenio téñense construído ou reformado máis centros de saúde que nos últimos 15 anos. Así, cabe lembrar os novos centros de Oia, Panxón, Tui, Taboada Leal, Gondomar, Salceda de Caselas, as remodelacións de Porriño e Pazos de Borbén e o novo centro de Bouzas (que entrará en funcionamento nas próximas semanas). Ademais, vanse acometer o novo Centro de Saúde Integral Olimpia Valencia e a ampliación de Porriño, que sairán a licitación antes de finalizar o ano.





Merece destacarse tamén a proposta elevada pola consellería de Sanidade aos concellos de Cangas e Moaña para a reordenación integral da atención primaria no Morrazo e a construción co Centro Integral de Saúde, cunha previsión de investimento de máis de 11 millóns de euros, e que a data de hoxe está pendente da posta a disposición por parte dos dous concellos dos terreos necesarios para súa construción.

Medidas organizativas

Ademais, nos meses pre-pandemia leváronse a cabo moitas actuacións orientadas fundamentalmente a reforzar a capacidade de decisión da Atención Primaria e mellorar a accesibilidade á atención hospitalaria.

Así, tense introducido importantes cambios organizativos con dotación de recursos e tecnoloxía que melloran de forma determinante a atención ao paciente, como o incremento do acceso ás probas diagnósticas para os médicos de familia, ou o Proxecto Canles, que establece os mecanismos de priorización de pacientes e derivación desde atención primaria a cada un dos servizos hospitalarios.

Axendas de calidade e Plans locais de saúde

A día de hoxe, as prioridades actuais do SERGAS céntranse en avanzar nunha maior atención presencial a demanda dos pacientes -co obxectivo fixado en acadar o 60% a finais de ano- e desenvolver novas ferramentas organizativas para reorientar este modelo cara a dotalo dunha maior autonomía nos centros, mellorar a redistribución das tarefas entre as diferentes categorías profesionais, reorganizar a demanda, e levar a cabo accións que incrementen aínda máis a relación coa atención hospitalaria.

Neste contexto, está xa rematada a implantación das axendas de calidade dos médicos/as, que posibilitan unha reorganización da actividade segundo as características de cada centro de saúde e melloran a xestión dos tempos dos facultativos. Tamén estase a traballar no documento que definirá as axendas de enfermaría, pediatras e do resto de categorías profesionais que prestan servizos nos centros de saúde, para a súa posta en marcha nos vindeiros meses.

Por último, é necesario subliñar a constitución do Consello Técnico de Atención Primaria, órgano colexiado creado a partir do documento do Plan Galego de Atención Primaria 2019-21, co obxectivo de avaliar as necesidades de recursos humanos no primeiro nivel asistencial e a análise da súa capacidade resolutiva, das carteiras de servizos e das oportunidades de mellora na xestión de procesos asistenciais.

Na súa última xuntanza acordouse o 15 de decembro como data na que ter rematadas as liñas principais dos primeiros plans locais de saúde, que en Vigo se están a desenvolver nos centros de saúde de Lavadores e Sárdoma/Bembrive. Trátase de ensaiar fórmulas de xestión adaptadas ás características de cada servizo, desenvolvendo ao máximo as potencialidades e roles de categorías como enfermaría, farmacia ou persoal de xestión e servizos, e deseñando os plans de funcionamento e sistemas de cobertura de ausencias de cada centro.





En conclusión, pódese dicir que a Área Sanitaria de Vigo conta cunha Atención Primaria accesible e resolutive, dotada de profesionais competentes e comprometidos, pero cun modelo organizativo que precisa seguir implementando cambios, e que só son posibles desde o diálogo e o traballo colaborativo da Administración, os profesionais e a cidadanía.

